

PROXECTO DE FOMENTO DO USO DO GALEGO

EQUIPO DE NORMALIZACIÓN E DINAMIZACIÓN LINGÜÍSTICA

do I.E.S. da Pobra do Caramiñal

Curso 2008-09

1. Limiar.

O Equipo de Normalización e Dinamización Lingüística do I.E.S. da Pobra do Caramiñal contitúuse de acordo co Decreto 124/2007 coa finalidade de potenciar o uso da lingua galega e ficou conformado polos seguintes membros, á parte do coordinador:

- Antón Parada Fernández, Ángeles Miguéns Cristobo, Fernando Blanco Sieira (profesorado, dos departamentos de Latín e Grego, Física e Química e Inglés, respectivamente)
- Juan Carlos Cerqueiro Otero (persoal non docente)
- Laura Boo Barreiro, María Domínguez Vila (representantes do alumnado xunto con Naira Boo Hermida, Amparo Fernández Fernández, Natalia Carril Pérez, Alba Fernández Souto, Ana García Rodiño, Jéssica Rial Vázquez).

O cambio da persoa coordinadora, que se produce no segundo claustro deste ano escolar, xunto coa altura do curso no que se debe presentar este proxecto fan que -malia o mantemento dalgunhas das liñas de traballo xa consolidadas no noso Centro- boa parte das accións aquí proxectadas carezan un tanto do nivel de concreción preciso para estear o labor dinamizador.

2. Breve estudo sociolingüístico.

O noso centro sitúase nun concello cunhas características sociolingüísticas peculiares no seu contexto comarcal. O uso do galego varía notabelmente en función dos núcleos de poboación, mais detéctase un predominio castelán-falante no ámbito vilego e no rururbano costeiro, espazo no que se asenta máis do 65% da poboación e do que procede, claro, a maioría do alumnado. Aí o galego presenta un uso moito menor ca nas parroquias do rural como lingua de relación familiar e *inter pares*. Con todo, segundo datos do 2001, declara falar sempre galego o 58% dos habitantes do concello da Pobra do Caramiñal no tramo de 5 a 29 anos.

Neste contexto de desgaleguización, é evidente que o noso I.E.S. non vai contar cun alumnado maioritariamente galegofalante. A súa situación e as súas actitudes sociolingüísticas, así como as do profesorado, ficaron máis claras tras a análise realizada ao final do curso pasado

a través de inquéritos e que pode consultarse neste enderezo:

<http://centros.edu.xunta.es/iespobradocaraminal/departamentos/Normalizacion/enquisasNorm.htm>

. A lingua inicial do 36% dos mozos e mozas foi o castelán, fronte ao 17% que indica que foi o galego (a maioría marcou as dúas como lingua na que aprendeu a falar). Ademais, a lingua maioritaria nos usos familiares é o castelán, de xeito moi destacado na relación entre irmáns, onde o emprego do galego (só galego ou máis galego) cae ao 27%. Paralelamente, a lingua predominante no ámbito escolar entre compañeiros/as é o castelán (o 60% marca só castelán ou máis castelán, fronte o 21% de falantes de galego). Estas porcentaxes aínda son máis negativas para o galego noutros contextos nos que actúan de maneira ben marcada os prexuízos lingüísticos: nos establecementos ou á hora de falar con persoas descoñecidas.

As actitudes lingüísticas manifestadas no inquérito, que sempre hai que tomar con cautela, non son negativas en relación cos dereitos dos falantes, mais si de xeito bastante significativo no que se refire á utilidade do galego (para ligar ou promocionar videoxogos). E é que se observa unha non pequena presenza de prexuízos diglósicos, algo facilmente detectábel no traballo diario na aula. As actitudes negativas cara á lingua nos castelán-falantes ou con uso preferente do castelán son produto sobre todo de asociacións limitadoras. No caso dos galegofalantes, é común a resistencia a asumir que o galego é unha lingua cunha variedade estándar e a superar a identificación rexistro culto e “moderno” = castelán. Nin uns nin outros soen acadar unha competencia lingüística en galego plena.

A lingua do profesorado é determinante na escolla que fará o alumnado ao se relacionar con el. No noso IES, é maioría o profesorado que emprega o galego tanto dentro como fóra das aulas (o 70% declara usar só galego ou máis galego). De feito, o alumnado percibe esa variación a respecto do seu contorno extraescolar en moitos casos como unha galeguización plena do ensino, cousa moi distante da realidade. Cando, ademais, contamos cun 20% de docentes que considera que a actual lexislación en materia lingüística no ensino establece unha presenza do galego excesiva.

O centro, en calquera caso, non variou nunca a adopción do galego como lingua normal de relación e esa situación parece consolidada: na convocatoria e realización de actividades

complementarias, na sinaléctica, na comunicación da dirección co alumnado e as familias, nas notas das conserxerías, etc. Débese, así e todo, fomentar unha maior coherencia entre as intervencións formais, académicas e mesmo litúrxicas, por un lado, e as relacións coloquias polo outro.

No deseño dos obxectivos e das accións do ENDL, como é lóxico, intentamos tomar como referente constante esta situación sociolingüística.

3. Obxectivos para cada un dos catro sectores.

De acordo co PXNL e co PEC, documento que orienta a galeguización progresiva do Centro, con indicación da procura dun avance na incorporación de novas áreas ao uso do galego como lingua vehicular do ensino, e fai fincapé no deseño de estratexias de mellora das competencias e actitudes lingüísticas de toda a comunidade escolar, fixamos os seguintes obxectivos xerais.

1. Impulsar a presenza progresiva e coherente do galego nas diferentes áreas curriculares e, en xeral, na vida do Centro, para posibilitar que o alumnado acade a competencia efectiva na lingua galega.
2. Reforzar o traballo para a superación progresiva dos esquemas diglósicos e dos prexuízos asociados, así como da súa consecuencia máis inmediata, o rexeitamento do idioma propio, entre todos os integrantes da comunidade escolar.
3. Posibilitar e fomentar a ampliación do uso da nosa lingua por parte da comunidade educativa, tanto na oralidade como na escrita, e afianzar a confianza e dignidade no seu emprego como vehículo natural e propio de comunicación.
4. Promover o uso activo de ferramentas das tecnoloxías da información e comunicación en galego, en espazos que favorezan asociacións positivas e permitan ampliar o emprego da nosa lingua nas creacións e nos diversos intercambios dixitais.
5. Implicar activamente toda a comunidade escolar, en especial o alumnado, nun labor

dinamizador con repercusións máis alá dos límites do Centro, con especial atención ao sector comercial.

As principais liñas que orientan a acción do ENDL son a participación activa do alumnado en accións con transcendencia social, a potenciación da oralidade, nos seus diferentes graos de planificación, en contextos de intercambio e o emprego das TIC como medio para impulsar, reforzar e afirmar a interacción lingüística en galego.

Cómpre sinalar, en relación con isto último, que en anos pasados xa se consolidou a presenza do galego na páxina web do centro, xa se puxo a disposición de toda a comunidade un amplo abano de ferramentas lingüísticas gratuítas e prácticas (dicionarios electrónicos, correctores ortográficos...) e xa se facilitou o acceso a distintos portais informativos e de interese xeral en galego. En todo caso, aínda que non se recolle no corpo das actividades a desenvolver, este ano cumprirá acompañar e asesorar a creación de contidos por parte do profesorado (bota a andar a nosa nova web dinámica), en estreita colaboración co Equipo TIC, e actualizar o material de apoio lingüístico, didáctico e recreativo na rede. Para converter o galego na lingua compartida á hora de seleccionar e elaborar contidos e de expresarse no traballo realizado coas TIC e para afortalar tamén deste xeito a imaxe pública da lingua galega vencellada á contemporaneidade e a cultura en todas as súas manifestacións.

4. Actividades de dinamización en relación cos obxectivos.

Organizamos as actividades programadas de acordo con cinco eixos nocionais. Os obxectivos xerais aos que responden indícanse entre corchetes ao lado da denominación de cada unha delas.

4.1. EIXO: Ampliación de redes sociais.

Interésanos con esta serie de actividades partir da noción sociolingüística de *rede social* e intentar incidir no proceso de transmisión por medio de prácticas sociais de intercambio.

4.1.1. ACTIVIDADE: *Comunidades en conexión*. [Obxectivos 1, 2, 3, 4]

Apertura e mantemento de redes sociais educativas, de Centro e de departamentos, con fins comunicativos nunha plataforma en breve plenamente en galego: <http://www.ning.com>. Trátase dun contorno de traballo que integra páxinas propias de cada membro (con espazos de edición, caixa de recados e información sobre actividades e relacións con outros usuarios), blogues persoais, foro, chat, constitución de grupos de traballo, depósitos multimedia, etc. É, pois, un marco axeitado para fomentar a interacción oral e escrita na rede, fundamentalmente colaborativa, e o manexo de ferramentas web para a produción textual, algunhas delas galeguizadas ou doadamente galeguizábeis: [Cotovía](#), [Nirudia](#), [Planetaki](#), [Big Contact](#), etc.

Evidentemente, non se trata aquí de impulsar calquera ferramenta TIC, o cal non é función dun ENDL, senón de promover o uso das que poden contribuír á normalización, tanto por estar/poder ser galeguizadas como porque se axeitan ao labor do impulso do intercambio comunicativo en galego.

Dúas liñas de actuación:

a) Creación dunha rede social do alumnado administrada polos/as estudantes que forman parte do ENDL e aberta á participación de toda a comunidade educativa. Desde aí desenvolveremos un proxecto de contacto e intercambio con alumnado dun Centro cunha realidade sociolingüística ben distinta da nosa: o *CPI Aurelio Marcelino Rey García*, de Cuntis. Nun principio a través da rede, mais é posíbel ampliar e enriquecer moito máis a experiencia con presenza física nos respectivos contextos.

Realizarase a difusión desta comunidade virtual tanto en soporte dixital como non dixital.

b) Fomento da apertura de redes sociais de departamentos ou materias (a partir da experiencia, moi positiva, do curso pasado na materia de Lingua: <http://linguaeliteratura.ning.com/>) e asesoramento tanto técnico -en colaboración co Equipo TIC do Centro- como dinamizador por parte do ENDL. Amosaron xa a súa disposición a sumarse ao proxecto profesores dos Departamentos de Xeografía e Historia e mais de Sanidade.

Os obxectivos específicos que perseguimos son fomentar a expresión, a creación e o intercambio comunicativo en lingua galega na rede e posibilitar a interacción dinamizadora en galego nos distintos xéneros dixitais e nos diferentes usos vivenciais máis alá do contexto da aula e do marco escolar, tanto para o alumnado como para o profesorado, asociando a nosa lingua coas novas tecnoloxías.

Constituirase en actividade plurianual.

4.1.2. ACTIVIDADE: Campaña *Ferramentas web 2.0* [Obxectivos 2, 4, 5]

Consistirá fundamentalmente no envío, ás plataformas e servizos da web 2.0 que non ofrecen a opción galego á hora de clasificar as nosas producións dixitais, de solicitudes da apertura de tal posibilidade e no ofrecemento para xestionar e colaborar na realización da versión en galego dos espazos das aplicacións gratuítas. Entraremos en contacto con comunidades de usuarios, como as CiberIrmandades, con blogueiros doutros centros de ensino e mais coa entidade *mancomun.org* para darlle á campaña as dimensións que require. Crearemos e difundiremos diversos *gifs* animados de reivindicación dunha web 2.0 -dos usuarios e usuarias, en teoría- verdadeiramente multilingüe tamén desde os soportes ofrecidos.

En todo caso, é importante que o principal obxectivo específico que perseguimos, a identificación do alumnado con demandas normalizadoras e a súa implicación activa nelas, algo bastante minoritario neste Centro, se consiga impulsando o seu protagonismo no desenvolvemento da iniciativa. O éxito da campaña está garantido se iso se produce e dá lugar a sinerxías sociais, máis alá da resposta das plataformas ás que se apele.

A campaña, como é evidente, deberá sosterse no tempo e retomarse, reorientada, en anos sucesivos.

4.1.3. ACTIVIDADE: Charla-coloquio *Iniciativas que crean rede coa lingua* [Obxectivo 2]

Recuperando as charlas de anos anteriores sobre *Lingua e empresa* e mais *Lingua e medios de comunicación*, pretendemos organizar un encontro participativo entre as redes

asociativas con obxectivos normalizadores e o alumnado, con análise da transferencia e correspondencia lingüísticas entre os espazos sociais con incidencia no contorno, na rúa, e os intercambios na web. Entre as opcións que barallamos están o colectivo Aturuxo (de Boiro), o Voluntariado de Activación Lingüística (<http://www.valingua.org/>) e A Regueifa Plataforma (<http://www.aregueifa.net/>). Inclúiranse presentacións con material multimedia do labor realizado por estas redes..

As charlas sobre a situación da lingua en diferentes ámbitos, con presenza de múltiples e enriquecedoras perspectivas e participación do alumnado na súa organización e desenvolvemento, pasarán a conformar un ciclo (ata o de agora non sostido) plurianual.

4.1.4. ACTIVIDADE: Concurso *Enredeir@s*. [Obxectivos 3, 4]

Convocarase un premio ao mellor blogue persoal na rede social do Centro xestionada polo alumnado e tamén ao membro máis *enredactivo*. No primeiro caso, valorarase o coidado estético e lingüístico, a apelación certa ao lector, a capacidade para crear hipertextos enriquecedores, etc. E no segundo caso, terase en conta o nivel de participación en interacción cos demais membros e a mostra do mellor e máis pertinente uso da lingua.

A finalidade é guiar, máis alá do estrito control que permite exercer a administración dunha rede *Ning*, a participación do alumnado no espazo de intercambio e tamén incentivar esa participación.

4.2. EIXO: Creación e publicación en bitácoras colectivas.

Ao lado das prácticas sociais de intercambio na rede, queremos impulsar outros espazos máis guiados para a creación, publicación e reflexión sociolingüística.

4.2.1. ACTIVIDADE: *O valor da lingua en Podcast* [Obxectivos 1, 2, 3, 4]

Crearase un boletín periódico do ENDL en formato audioblogue, con reelaboración de

textos de referencia, vivencias e novas de interese no ámbito da normalización, sendo parte do alumnado integrante do ENDL os protagonistas na selección dos contidos, deseño do guión e gravación do podcast. Manterase en colaboración cos Equipos TIC e da Biblioteca. Abrirase na plataforma Blogaliza (<http://blogaliza.org/>), que facilita a publicación dos arquivos de audio e ofrece opcións de descarga e subscrición. Sempre que sexa posíbel, enriquecerase o podcast con imaxes botando man da aplicación web configurábel en galego *Big Contact* (<http://bigcontact.com/obradoiro>). Pretendemos achegar a nosa visión sobre a situación actual da lingua de maneira atractiva e crítica ao conxunto da comunidade.

É esta unha actividade que se terá necesariamente que manter en todos os cursos vindeiros.

4.2.2. ACTIVIDADE: *A Tabarra +Dixital* [Obxectivos 1, 2, 3, 4]

Edición da nosa revista en formato blogue e con inclusión de material multimedia, como vídeo-reportaxes ou a versión audio das colaboracións. As súas anteriores seccións pasarán a ser as categorías da bitácora con algunhas modificacións, de xeito que o núcleo dos seus contidos conformarano:

- as citadas **vídeo-reportaxes**, con atención preferente á creación musical e audiovisual do contorno e galega en xeral, con intención de poder mostrarlle sobre todo ao alumnado referentes modeladores no ámbito sociolingüístico.
- as **entrevistas** a distintos membros da comunidade escolar, persoas de interese no ámbito comarcal e invitados/as aos diferentes actos organizados no Centro.
- a **radiografía lingüística**, con imaxes significativas ao respecto dos usos da lingua e propostas de actuación.
- as nosas **recomendacións na rede**: espazos dinámicos e produtos creativos da internet galega e dos países do noso ámbito lingüístico (Portugal, Brasil...), xunto con recomendacións desenfadadas para navegar con actitude crítica e tirarlle máis partido á

web.

- a reseña de distintas **actividades** complementarias e extraescolares.
- a **crónica de nós**: recuperación da memoria histórica local, fragmentos biográficos...
- a publicación de **banda deseñada e outras creacións** realizadas polo alumnado.

O blogue abrírase en Blogaliza, mais teremos tamén unha sección con lectura RSS na web dinámica do centro (<http://centros.edu.xunta.es/iespobradocaraminal/drupal/>) para facilitar o acceso aos seus contidos por parte de toda a comunidade escolar. Colocarase tamén no blogue un engadido (*widget*) para a realización de comentarios orais públicos (con <http://www.wagwire.com/>).

O consello de redacción, edición e administración estará composto maioritariamente polo alumnado, encargado -con orientación e apoio do conxunto do ENDL- de animar a participar o profesorado, o persoal non docente e ANPAS.

Do mesmo xeito que a anterior actividade, a creación da nosa revista manterase en anos sucesivos.

4.2.3. ACTIVIDADE: *Concurso de banda deseñada na rede*. [Obxectivos 3, 4]

Convocatoria dun concurso para premiar as mellores creacións empregando ferramentas web como <http://www.toondoo.com/> . Terán que conter necesariamente diálogos, chegar a unha extensión mínima e estar accesíbeis en internet. Os participantes deberán deixar o enderezo web nun comentario á anotación coa que se convoque o concurso, n'A *Tabarra +Dixital*.

4.3. EIXO: Intervencións nos espazos do Centro.

Non pretendemos substituír coas propostas anteriores o labor normalizador no marco físico no que desenvolvemos a actividade escolar, senón complementalo, polo que tamén se prepararán as seguintes actividades.

4.3.1. ACTIVIDADE: *Taboleiro de vivencias*. [Obxectivos 1, 2]

Posto que a función que tiñan ata agora os taboleiros da lingua pasará a ser desempeñada polo boletín en audioblogue, recolleremos neses espazos vivencias persoais en relación coa fidelidade lingüística, os valores asociados ao galego e ao castelán, as razóns do cambio de lingua no contexto familiar, a presenza do galego na vida cotiá e, en xeral, reflexións sobre actitudes sociolingüísticas baseadas en emocións. Incentivarase a escrita destas vivencias, fundamentalmente entre o alumnado, solicitaráselles a colaboración a determinadas familias por medio dunha nota na que se presente a actividade e, por último, o Equipo de Normalización e Dinamización acompañará tales experiencias dunhas orientacións sobre dereitos lingüísticos básicos e as vantaxes do plurilingüismo baseado na recuperación plena das linguas minorizadas.

Unha actividade que nace con vocación de permanencia.

4.3.2. ACTIVIDADE: *Rede-mural* [Obxectivo 1]

Nun expositor do centro colgaranse, en forma de rede, os enderezos web dos sitios xestionados polo ENDL e nos que se aloxan as producións neles incrustadas, así como escolmas en soporte en papel e reclamos para incentivar a participación.

Os obxectivos específicos son evidentes: facer máis visíbel o labor dinamizador na rede para o conxunto da comunidade e promover a consulta dos contidos dixitais e mais a participación.

4.3.3. ACTIVIDADE: *Calendario da aula* [Obxectivo 1]

Unha das necesidades constantes no uso da lingua escrita dentro das aulas é a presenza dun calendario útil para o alumnado e profesorado, no que se poidan anotar proxectos colectivos e sinalar as datas de entrega de traballos e de realización de exames. Así, con deseños do propio alumnado -forman parte do Equipo rapazas cunha moi destacada creatividade plástica e literaria-,

elaboraranse amplos calendarios trimestrais (un por avaliación) con, ademais do nome dos meses:

- ✓ as materias do curso correctamente denominadas,
- ✓ a indicación de cales disciplinas teñen que ser impartidas en galego segundo o noso Proxecto Lingüístico,
- ✓ e espazo para anotacións complementarias.

4.3.4. ACTIVIDADE: *Recompilación CC* [Obxectivos 1, 4]

Posto que non todo o mundo ten recursos para facer a descarga do material das actividades de dinamización lingüística colgado en internet xa na actualidade (gravación das intervencións no Tíralle da lingua no Centro, recitados, charlas, curtametraxe da convocatoria de adaptación ao cine de relatos de autores galegos, etc.) e, por suposto, do que se producirá neste curso, pretendemos recoller en distintos soportes electrónicos -en CD, en lapis de memoria emprestábel e nunha mediateca con inclusión de arquivos 3gp e mp3 para o envío a móbiles- tales materiais multimedia elaborados e/ou protagonizados polo alumnado. Realizarase unha posterior difusión entre a comunidade escolar desde as conserxerías.

4.3.5. ACTIVIDADE: *Obradoiros de expresión* [Obxectivos 2, 3]

Aínda que non de xeito continuado, a organización de obradoiros (socio)lingüísticos no I.E.S. da Pobra é algo habitual e temos intención de converter esa tendencia nun compoñente imprescindible na programación das nosas actividades. Este ano contaremos con estes dous que se presentan a continuación.

4.3.5.1. *Obradoiro de sociolingüística*

Xestionaremos e organizaremos a montaxe do obradoiro, ofrecido por *Reverso Servizos*

Lingüísticos, O falar non ten cancelas (http://www.reversoweb.com/ga/upload/des/21-a-Obr_opt_com_secundaria.pdf), que se axusta aos nosos obxectivos ao tratar, a través dunha metodoloxía lúdica, de desmontar prexuizos e de cambiar as actitudes daqueles falantes que aínda non deron o paso de falar galego. Necesitamos, cando menos, un par de sesións de dúas horas de duración cada unha.

4.3.5.2. Obradoiro de hip-hop

Iniciamos os contactos para contar con Martin Nitram, de Machina, e Carlinhos, músicos de Cerceda que xa teñen experiencia neste tipo de intervencións (<http://www.blogoteca.com/nalinguadetodos/index.php?cod=38176>) cun éxito indiscutíbel.

4.4. EIXO: Proxección sobre o contorno próximo

Ademais da implicación das familias nalgunhas das actividades anteriores e da apertura á sociedade que supón ter presenza activa na rede, desenvolveremos outras accións que pretenden focalizar e incidir directamente sobre a realidade local, comarcal e nacional.

4.4.1. ACTIVIDADE: *Vender ben, comprar o necesario*. [Obxectivos 2, 5]

No noso concello a existencia de accións comerciais en galego é case irrelevante e, a maiores, o emprego do topónimo deturpado é neste ámbito especialmente elevado e con enorme impacto. Deste xeito, é urxente cando menos facer ver que esa non é unha situación asumíbel como normal e que é posíbel facer presión, en canto posíbeis clientes (mellor do que consumidores), para modificar ese estado de cousas.

4.4.1.1. Campaña *A publicidade, máis efectiva en galego*.

Comezaremos cunha campaña deseñada polo alumnado para incitar ao uso do galego na publicidade, nos seus diferentes soportes, das empresas e dos comercios locais que máis incidencia poden ter na xente nova (entidades deportivas, sector téxtil, alimentación e electrónica, maiormente). Realizarase un cartel que aluda ás vantaxes e demandas da publicidade na nosa

lingua e unha carta que presente a campaña e recolla as solicitudes de galeguización de xeito argumentado. Farase un envío postal cun acto simbólico e o seguimento da resposta escrita e mais da efectiva, no caso de producírense.

4.4.1.2. Premio *Caramiña azul*

Entregaráselle á entidade que empregue de xeito máis coherente e creativo a lingua galega, incluída, por suposto, a publicidade dos seus servizos ou produtos. Será nun acto público durante a Semana Cultural do Centro.

4.4.2. ACTIVIDADE: *Colaboracións con entidades*. [Obxectivo 5]

Manteremos as colaboracións, realizadas de xeito ininterrompido nestes últimos anos, coas múltiples campañas d'*A Mesa pola Normalización* e das *Ciberlrmandades da Fala* e intentaremos implicarnos de cheo nas iniciativas da Coordinadora Comarcal *Leixaprén*, que convoca o premio homónimo que recoñece a dedicación á normalización lingüística. A participación do alumnado e profesorado do ENDL nas propostas de elección de candidatos e a difusión do labor da persoa ou institución premiada terán que facerse realidade por vez primeira no noso Centro.

Ademais do anterior, traballaremos para perfilar un proxecto de demanda de galeguización real do ámbito sanitario, en colaboración co Departamento de Sanidade que imparte os ciclos do noso I.E.S. e con implicación do seu alumnado, que realiza as prácticas en diversas entidades. Nesta altura do curso non se puideron aínda deseñar estratexias e seguramente este proxecto terá que agardar ao próximo ano escolar para facerse realidade.

4.5. EIXO: Colaboracións noutros proxectos compartidos no Centro.

Como en cursos anteriores, desde o Equipo de Normalización e Dinamización Lingüística preténdese apoiar diferentes actividades que empregan a lingua galega e que lle outorgan a esta

unha manifesta visibilidade entre a comunidade educativa. Seguindo unha estratexia bastante positiva de colaboración transversal que xa se puxo en práctica en anos anteriores, desde o ENDL colaboramos, tamén economicamente, con iniciativas doutros equipos e colectivos coa intención de consolidar o uso normal do galego.

4.5.1. ACTIVIDADE: *V edición do Certame de relato breve de misterio “A Caramiña”*

[Obxectivo 3]

Como vén facendo nos últimos anos, o Equipo de Normalización e Dinamización Lingüística voltará a convocar, en colaboración coa Vicedirección, o Certame “A Caramiña”, concurso literario destinado ao alumnado de ensino secundario obrigatorio e post-obrigatorio de todos os centros da Barbanza. É, xa que logo, unha convocatoria destinada a unha colectividade importante (ao alumnado de dez centros da comarca) e preténdese de novo perfeccionar as destrezas escritas e fomentar a creatividade na nosa lingua por parte do alumnado de secundaria.

O Certame literario premia os mellores relatos breves de intriga, establece como obrigatorio o uso da lingua galega, conta con 3 categorías (Gamela, para alumnado de 1º e 2º da E.S.O.; Dorna, dirixido ao alumnado de 3º e 4º da E.S.O.; e Paquebote, para Bacharelato de Ciclos Formativos) e ten unha dotación económica para os gañadores ou gañadoras de cada categoría que en total alcanza os 300 €

Como é evidente, os obxectivos que nos marcamos con esta actividade, que ten un evidente carácter plurianual, é fomentar e prestixiar a creación na nosa lingua, e afortalar a visibilidade deste binomio (creatividade-lingua).

4.5.2. Actividades diversas de iniciativa non propia. [Obxectivo 1]

Ademais da colaboración constante co Departamento de Lingua galega e literatura na organización de conferencias, charlas e saídas, fundamentalmente, temos intención de manter o traballo conxunto co Equipo da Biblioteca nas actividades que promove: suxestións musicais e literarias semanais realizadas polo profesorado, o alumnado e o persoal non docente (as obras

recomendadas poden estar escritas ou cantadas en calquera lingua, mais a condición para a publicación destas suxestións, publicación -dixital e en papel- que corre a cargo do ENDL, é o estaren escritas en lingua galega), celebración do Día da Poesía ou da Semana das Letras Galegas, etc.

A Pobra do Caramiñal, 06 de outubro de 2008

O coordinador do ENDL: Luciano Fernández

O Director do I.E.S.: José Luis Nogueira
Visto e Prace

Cadro resumo de actividades

Título da actividade	<i>Comunidades en conexión</i>
Temporalización	1º trimestre: Remate da tradución ao galego do sitio (xa comezada por nós de xeito colaborativo) e asesoramento ao profesorado implicado e ao alumnado do ENDL en relación coas xestións precisas e as orientacións posíbeis. Apertura das redes sociais. 2º e 3º trimestres: Dinamización e difusión da rede social da comunidade escolar administrada polo alumnado.
Responsable(s) e Departamento(s) ao(s) que pertence(n)	Luciano Fernández Martínez, do Departamento de Lingua galega e literatura, coordinador e membro do equipo TIC.
Destinatarios/as	Toda a comunidade educativa e todas as persoas que accedan á rede.
Orzamento	Computador portátil para uso do ENDL: 600 €

Título da actividade	<i>Campaña Ferramentas web 2.G</i>
Temporalización	2º e 3º trimestres, segundo o acceso ás distintas ferramentas.
Responsable(s) e Departamento(s) ao(s) que pertence(n)	Luciano Fernández Martínez, do Departamento de Lingua galega e literatura, coordinador e membro do equipo TIC.
Destinatarios/as	As plataformas de servizos web e as comunidades de internautas, entre elas a nosa.
Orzamento	Sen gastos engadidos ao solicitado para a anterior actividade.

Título da actividade	<i>Charla-coloquio Iniciativas que crean rede coa lingua</i>
Temporalización	No terceiro trimestre, en abril
Responsable(s) e Departamento(s) ao(s) que pertence(n)	Antón Parada Fernández, do Departamento de Latín e Grego.
Destinatarios/as	Alumnado de Bacharelato
Orzamento	Representantes de tres entidades: 300 €

Título da actividade	<i>Concurso Enredeir@s</i>
Temporalización	No 3º trimestre, en maio
Responsable(s) e Departamento(s) ao(s) que pertence(n)	Fernando Blanco Sieira, do Departamento de Inglés.
Destinatarios/as	Todo o alumnado do Centro que participe na primeira actividade.
Orzamento	Premios: 120 €

Título da actividade	<i>O valor da lingua en Podcast</i>
Temporalización	Desenvolverase durante todo o curso.
Responsable(s) e Departamento(s) ao(s) que pertence(n)	Luciano Fernández Martínez, do Departamento de Lingua galega e literatura, coordinador e membro do Equipo TIC
Destinatarios/as	Toda a comunidade escolar e todas as persoas que accedan á rede.
Orzamento	MP3/4: 60 €

Título da actividade	<i>A Tabarra +Dixital</i>
Temporalización	Desenvólvese durante todo o curso
Responsable(s) e Departamento(s) ao(s) que pertence(n)	Antón Parada Fernández, do Departamento de Latín e Grego.
Destinatarios/as	Toda a comunidade escolar e todas as persoas que accedan á rede.
Orzamento	Sen custos engadidos ao solicitado para anteriores actividades.

Título da actividade	<i>Concurso de banda deseñada na rede</i>
Temporalización	No 2º trimestre, en febreiro
Responsable(s) e Departamento(s) ao(s) que pertence(n)	Fernando Blanco Sieira, do Departamento de Inglés.
Destinatarios/as	Todo o alumnado do Centro.
Orzamento	Premios: 120 €

Título da actividade	<i>Taboleiro de vivencias</i>
Temporalización	Desenvólvese durante todo o curso.
Responsable(s) e Departamento(s) ao(s) que pertence(n)	Ángeles Miguéns Cristobo, do Departamento de Física e Química.
Destinatarios/as	Toda a comunidade escolar.

Orzamento	Material de papelería: 10 €
-----------	-----------------------------

Título da actividade	<i>Rede-mural</i>
Temporalización	Manterase durante todo o curso.
Responsable(s) e Departamento(s) ao(s) que pertence(n)	Ángeles Miguéns Cristobo, do Departamento de Física e Química.
Destinatarios/as	Toda a comunidade escolar.
Orzamento	Material de papelería, impresións e fotocopias: 30 €

Título da actividade	<i>Calendario da aula</i>
Temporalización	Edición conxunta no primeiro trimestre e colocación ao comezo de cada un (no primeiro terá que ser a finais de outubro).
Responsable(s) e Departamento(s) ao(s) que pertence(n)	Luciano Fernández Martínez, coordinador do Equipo.
Destinatarios/as	O alumnado todo e o profesorado.
Orzamento	Tres calendarios póster para cada aula e para outras dependencias do IES: 320 €

Título da actividade	<i>Recompilación CC</i>
Temporalización	No 3º trimestre.
Responsable(s) e Departamento(s) ao(s) que pertence(n)	Todo o profesorado do ENDL
Destinatarios/as	Toda a comunidade escolar.
Orzamento	100 CDs e un lapis USB: 250 €

Título da actividade	<i>Obradoiros de sociolingüística e de hip-hop</i>
Temporalización	2º trimestre, febreiro e marzo
Responsable(s) e Departamento(s) ao(s) que pertence(n)	Luciano Fernández Martínez, coordinador do Equipo.
Destinatarios/as	Alumnado de 3º e 4º ESO
Orzamento	Especialistas para tres sesións de dúas horas cada unha: 700 €

Título da actividade	<i>Vender ben, comprar o necesario</i>
----------------------	--

Temporalización	De novembro a maio.
Responsable(s) e Departamento(s) ao(s) que pertence(n)	Todo o profesorado do ENDL.
Destinatarios/as	As entidades e comercios locais e a sociedade en xeral.
Orzamento	Edición de carteis e envíos postais: 250 € Premio: 100 €

Título da actividade	<i>Colaboracións con entidades</i>
Temporalización	Durante todo o curso escolar.
Responsable(s) e Departamento(s) ao(s) que pertence(n)	Luciano Fernández Martínez, coordinador do Equipo.
Destinatarios/as	O conxunto da sociedade.
Orzamento	Material: 120 €

Título da actividade	<i>V edición do Certame de relato breve de misterio "A Caramiña"</i>
Temporalización	3º trimestre
Responsable(s) e Departamento(s) ao(s) que pertence(n)	Todo o profesorado do ENDL
Destinatarios/as	Alumnado de todos os centros de secundaria da comarca.
Orzamento	Carteis e dípticos: 300 € Premios: 300 € Envíos postais: 50 €

Importe total da axuda solicitada: 3.630 €

O Equipo de Normalización e Dinamización Lingüística comprométese a desenvolver todas estas actividades se obtén, coa presentación do proxecto que acompaña este cadro resumo, o financiamento solicitado ao abeiro da resolución do 29 de agosto de 2008, da Secretaría Xeral de Política Lingüística.

A Pobra do Caramiñal, 06 de outubro de 2008

O coordinador do ENDL: Luciano Fernández

O Director do I.E.S.: José Luis Nogueira
Visto e Prace